



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO NO CONCELLO DE REDONDEIRA

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por recollida de lixo, que rexida pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos donde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. A tal efecto, considerarase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivenda excluíndose de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuinte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsabeis.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsabeis subsidiarios os administradores das sociedades e dos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.



CONCELLO DE REDONDELA

Artigo 5.- Beneficios fiscais.

Soamente admitiranse nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 6.- Cuota tributaria.

A cuota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 7.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obrigaón de contribuir desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de basuras domiciliarias nas rúas ou lugares donde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuintes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo as cuotas devengarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da taxa, ou no seu caso, na data que se realiza o feito impositivo.

Artigo 8.- Declaración e liquidación.

1. A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.

2. Si se utiliza o servizo sin mediar solicitude darase de alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase a mesma aos interesados sen perxuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3. Unha vez producida o alta no correspondente padrón a liquidación desta taxa acomodarase ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula etc.).

Artigo 9.- Ingreso.

1. As cuotas desta taxa liquidarase e esixiranse no momento de presentar a correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose o alta no correspondente Padrón.

2. Unha vez producida o alta, a taxa exaccionarase por padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que sinala a tarifa da Taxa, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos no artigo 20 do R.G. de Recadación ou no que sinale a Alcaldía-Presidentencia.



CONCELLO DE REDONDELA

3. O ingreso efectuarase na Depositaria Municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente ou Comisión de Goberno.

Artigo 10.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición adicional.

Primeira.- Declaración de alta.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuinte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da taxa e surtirán efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

Segunda.- Declaración de baixa.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuinte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma podendo , no seu caso, prorratearse por meses.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2020, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

1) Recollida e tratamento do lixo:

1.1. Vivendas

1.1.1. Cuota normal (servizo diario): 71,00 euros/ano

1.1.2. Cuota reducida (servizo non diario): 35,00 euros/ano

1.2 Establecementos

1.2.1. Despachos de profesionais e actividades comerciais de todo tipo: de 96,00 a 183,00 euros/ano.

1.2.2. Supermercados con tres ou máis traballadores/as, oficinas bancarias, restaurantes, floristerías, talleres textís, froiterías, centros de venda de produtos conxelados e outros establecementos que polo volume de lixo xerado utilicen contedores que en total non superen os 1.000 litros por recollida; de 183,50 a 967,00 euros/ano.



O importe máximo da cuota poderase reducir nun 25 por 100 para aqueles establecementos que durante todo o ano dispoñan de contedores da súa propiedade e se encargen íntegramente da súa periódica limpeza, conservación, mantemento e substitución.

Os importes concretos para cada establecemento das cuotas indicadas este apartado fixaranse pola Comisión de Goberno en función dos informes da empresa adxudicataria do servizo de recollida do lixo e o seu transporte, referido ao volume de residuos de cada establecemento.

Os propietarios de pequenos talleres artesans ubicados nos mesmos edificios nos que habiten tributarán por un so concepto sempre que o volume de lixo producido non exceda do correspondente a unha vivenda, segundo informe da empresa adxudicataria do servizo de recollida de lixo e o seu transporte.

1.2.3. Tódolos establecementos que polo volume de lixo xerado utilicen contedores que en total superen os 1.000 litros por recollida abonarán entre 968,00 euros/ano e 7.769,00 euros/ano.

Os importes concretos para cada establecemento fixaranse pola Comisión de Goberno en función dos informes da empresa adxudicataria do servizo de recollida do lixo e o seu transporte, referido ao volume de residuos de cada establecemento.

1.2.4. A cuota para tódalas vivendas ou establecementos (non incluídos nos dous apartados anteriores) situados a máis de 100 metros das zonas de recollida, será de 36,50 euros/ano.

1.2.5. O importe da taxa poderase prorratear e liquidar por anos naturais, por trimestres naturais, ou por unha combinación de ambas posibilidades.

2) Exencións:

Estarán exentos do pagamento destas tarifas:

a) O Concello e os seus Organismos Autónomos para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal.

b) As persoas contribuíntes beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e as acollidas a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado segundo informe dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello.

1. O carácter desta exención é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano).



2. As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

- a) Solicitud de redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.
- b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.
- c) Fotocopia compulsada polos Servizos Sociais do Concello do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo.
- d) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.
- f) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible lle cede o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa)

3. Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.

4. No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberanse presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste apartado.

c) As vivendas incluídas no Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Redondela que se atopen efectivamente alugadas, esta exención xurdirá efectos no exercicio seguinte ao do aluguer e se acreditará mediante certificado emitido polo Concello.

d) As persoas contribuíntes que non dispoñan de bens inmovibles de natureza urbana distintos á vivenda habitual (a que pode comprender unha praza de garaxe e un rocho anexos), sobre os que posúan un dereito de propiedade,



posesión, usufruto ou calquera outro que xere ou poida xerar ingresos (fíxase un tope de valor da vivenda habitual, igual ou menor a 90.000 € de valor catastral) e sempre que a renda per cápita mensual bruta da unidade de convivencia estea dentro dos límites establecidos na táboa que se indica:

Número de membros da unidade de convivencia	Contía
1	SMI (persoa solicitante)
2	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)
3	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro)
4	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro) + 10% (cuarto membro e sucesivos)

As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación e xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano):

- a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.
- b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.
- c) Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar ou autorización para a súa obtención polo Concello.
- d) Certificación de empadramento ou autorización para a súa obtención polo Concello.
- e) Certificación de ingresos do/a solicitante e as persoas que convivan con el/a ou autorización para a súa obtención polo Concello.
- f) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens



CONCELLO DE REDONDELA

inmobles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.

g) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible lle cede o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa)”

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP do 27/12/1989
- BOP número 95 do 19/05/1994
- BOP número 86 do 03/05/1996
- BOP número 45 do 05/03/2001
- BOP número 247 do 23/12/2003
- BOP número 249 do 26/12/2008
- BOP número 53 do 17/03/2011
- BOP número 98 do 24/05/2019